

AYUNTAMIENTOS

PONTEVEDRA

ANUNCIO RELATIVO Á OBRIGA LEGAL DE DAR PUBLICIDADE AO NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO RESERVADOS AO PERSOAL EVENTUAL NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

O artigo 28 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local introduciu un novo artigo 104.bis na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O apartado 5 do citado artigo establece a obriga de que as Corporacións locais publiquen semestralmente na súa sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia o número dos postos de traballo reservados a persoal eventual. En cumprimento da devandita obriga legal, esta Administración debe proceder a publicar os postos de traballo que se atopan reservados ao persoal eventual e que son os seguintes:

| 0. ÁREA DE PRESIDENCIA | | | | | | | | | | | | | |
|------------------------|---------------------------------|-----|------|------------|-----------------|----|----|-----|----|-----------|----------------------|------------------------------------|----|
| CDG | DENOMINACIÓN POSTO | DOT | VIN. | NIVEL C.D. | COMPL. ESPECIF. | TP | FP | GR. | ES | CP SBE CL | TITULACIÓN ACADÉMICA | FORMACIÓN ESPECÍFICA | ST |
| .0001 | TÉCNICO DE COMUNICACIÓN | 1 | EVEN | | | E | LD | A1 | | | | RET.ANUAL ASIMILIDA TÉC.NIVEL 25 | E |
| .0002 | XEFE NEG. GRUPO MUNICIPAL | 2 | EVEN | | | E | LD | C1 | | | | RET.ANUAL ASIMILADA XEFE NEG. | E |
| .0003 | TÉCNICO DE RELACIÓNS COS MEDIOS | 1 | EVEN | | | E | LD | A1 | | | | RET. ANUAL ASIMILADA TÉC. NIVEL 25 | E |
| .0004 | COORDINADOR ÁREA DA ALCALDÍA | 1 | EVEN | | | E | LD | A1 | | | | RET. ANUAL ASIMILADA TÉC. NIVEL 25 | V |

| 0.1. GABINETE DA ALCALDÍA | | | | | | | | | | | | | |
|---------------------------|------------------------------|-----|------|------------|-----------------|----|----|-----|----|-----------|----------------------|-------------------------------------|----|
| CDG | DENOMINACIÓN POSTO | DOT | VIN. | NIVEL C.D. | COMPL. ESPECIF. | TP | FP | GR. | ES | CP SBE CL | TITULACIÓN ACADÉMICA | FORMACIÓN ESPECÍFICA | ST |
| .0102 | TÉCNICO REL.PÚB. E PROTOCOLO | 1 | EVEN | | | E | LD | A1 | | | | RET.ANUAL ASIMILADA XEFE DE SERVIZO | E |

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 104.bis da Lei 7/85 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Pontevedra, a 3 de setembro de 2014.—O Alcalde, Miguel A. Fernández Lores.

2014007752

ASUNTO: DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA INICIALMENTE A VALORACIÓN DUNS DANOS AO PATRIMONIO MUNICIPAL E SE CONCEDE TRÁMITE DE AUDIENCIA Á ENTIDADE MERCANTIL “MADERAS ERIPA, SL”

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC), na redacción conferida pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, se publica o emprazamento para trámite de audiencia ditado a tenor do Decreto da Alcaldía de data 22 de xullo de 2014 polo que se aproba inicialmente a valoración duns danos causados ao patrimonio municipal e se concede trámite de audiencia á entidade mercantil “Maderas Eripa, SL”, con NIF Núm. B 36 550 010.

Ao non poderse realizar a notificación persoalmente, o expediente relacionado (914/14/P) atópase a disposición do interesado nas oficinas municipais do Teatro Principal, situadas na rúa don Filiberto, s/n, 3º andar, para a súa consulta no prazo de 15 días hábiles que se contarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Transcorrido o dito prazo a notificación entenderase producida.

O interesado disporá dun prazo de quince días hábiles, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que considere pertinentes.

Para que conste e sirva de notificación ao citado interesado, en cumprimento do disposto no artigo 59.5, procédese a notificar mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra o presente anuncio, o que expido e asino.

Pontevedra, a 18 de agosto de 2014.—O Secretario da Administración municipal, José Carlos Castiñeira Piñeiro. 2014007777

ASUNTO: NOTIFICACIÓN A DON JUAN PABLO COUSIDO SOUTO DO DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 28/07/2014, POLO QUE SE DESESTIMA O RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DON JUAN PABLO COUSIDO SOUTO CONTRA O DECRETO DE DATA 22/04/2014 POLO QUE SE LLE IMPOÑÍA A OBRIGA DO DEBER DE INDEMNIZAR AO CONCELLO DE PONTEVEDRA POLOS DANOS CAUSADOS AO PATRIMONIO MUNICIPAL.

Intentada a notificación a don Juan Pablo Cousido Souto, con NIF Núm. 76 930 190 C, do acto sinalado no asunto, relativo ao expediente Núm. 12.074/13, ao non resultar posible a súa práctica efectiva de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC), na redacción conferida pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procédese a notificar mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de anuncios do Excmo. Concello de Pontevedra o seguinte Decreto ditado polo Alcalde o día 28/07/2014:

“DECRETA

Primeiro.- Desestimar o recurso potestativo de reposición interposto por don Juan Pablo Cousido Souto con NIF Núm. 76 930 190 C, contra o Decreto da Alcaldía de data 22/04/2014, con base ao informe emitido polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da OTMAIES en data 27/07/2014.

Segundo.- Ratificar lo disposto no Decreto da Alcaldía de data 24/04/2014 polo que se lle impón a don Juan Pablo Cousido Souto a obriga do deber de indemnizar ao Concello de Pontevedra polos danos causados ao patrimonio municipal por importe de 10.271,01 € nos prazos establecidos no devandito decreto.

Terceiro.- De non aboarse a contía da indemnización no prazo establecido, conforme co artigo 97 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, como queira que en virtude de acto administrativo ha de satisfacerse cantidade líquida, seguirase o procedemento previsto nas normas reguladoras do procedemento recadatorio en vía executiva, para o que se citan os artigos 163 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

RECURSOS PROCEDENTES

Contra a resolución notificada co seu texto íntegro e que pon fin á vía administrativa, poderá interperse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1. da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpor calquera outro recurso que os interesados estimen procedente conforme a dereito”

Pontevedra, a 12 de setembro de 2014.—O Secretario da Administración municipal, PD a Xefa do Servizo de Patrimonio municipal, Mercedes Eguileta Martínez. 2014007778